

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II
PAU 2025
ADAPTACIÓNS INICIAIS AO DECRETO

Estimadas e estimados colegas:

Como sabedes, o pasado día 11 de xuño aprobouse o decreto 534/2024, que regula a nova Proba de Acceso á Universidade (PAU), que vai supoñer unha serie de cambios con respecto á ABAU. Sen entrar agora en máis detalles, os cambios principais que afectan ao deseño da proba son dous:

1. Haberá un só modelo de exame, no que se minimizará a optatividade (non volveremos, polo tanto, ao modelo pre-covid).
2. Os exercicios terán un deseño competencial.

Para achegármonos de maneira gradual ao novo modelo, as instrucións que temos para a PAU 2025, emanadas dun acordo entre diferentes distritos universitarios, son as seguintes:

- a) Respecto ao punto 1, haberá un só modelo de exame no que polo menos un 25 % das preguntas será obrigatorio e non terá optatividade.
- b) Respecto ao punto 2, polo menos ese 25 % de preguntas obrigatorias terá un deseño competencial.

No que respecta á nosa materia, na nosa comunidade, como tamén noutras, xa se foron dando pasos encamiñados a deseñar preguntas e exercicios de exame enfocados a que o alumnado “faga”, mostre o que sabe facer, e non a que diga como se fai ou a que desenvolva temas preparados previamente.

Neste camiño avanzamos xa bastante na parte de reflexión lingüística, na que hai tempo que non se pide nin análise sintáctica ou morfolóxica, nin definicións, senón uso, construción, identificación... Na parte de literatura demos tamén un primeiro paso, que foi incluír fragmentos de textos que acompañan as preguntas co fin de que o alumnado se apoie neles para as súas respostas. Temos claro desde o comezo que a meta final é que os exercicios consistan sobre todo en comentarios de texto, sen temas prefabricados. Nos vindeiros cursos seguiremos avanzando neste camiño.

Os exercicios de resumo ou esquema e comentario son, en si, competenciais, posto que o alumnado, neles, mostra a súa competencia en comprensión e expresión escrita e ten que relacionar o contido dos textos co seu coñecemento do mundo e o seu propio contexto vital; por esta razón e tamén para facer unha transición o menos traumática posible, a parte obligatoria do modelo de 2025 é precisamente esa.

Canto á parte de reflexión lingüística, conterà algo de optatividade: hai catro exercicios dos que escoller dous.

Na parte de literatura é na que hai máis optatividade: tanto en obra lida como na parte de historia da literatura, igual que nos anos anteriores, hai dúas preguntas das que contestar unha. Mantemos, polo menos para o curso que entra, as obras de lectura obligatoria e tamén, en esencia, os temas da parte de historia. O deseño das preguntas é semellante ao destes últimos anos pero, avanzando no camiño do deseño competencial, as respostas deberán basearse nos fragmentos dos textos, de modo que o comentario destes terá un valor de **1 punto en vez de 0,5** como tiña ata agora. No documento de orientacións explícanse con mais detalle estes aspectos.

Canto aos criterios de avaliación, serán semellantes aos empregados nesta última ABAU. No novo decreto fálase de que, en toda pregunta que implique redacción, o valor mínimo da corrección formal e ortográfica do texto debe ser o 10 %. Nunha reunión da CRUE mantida o pasado 27 de setembro acordouse que, para as materias de Lingua e Literatura o peso deste

criterio será do 20% da cualificación total do exame. Mantendo os criterios aplicados este ano xa cumprimos con ese mínimo; ademais, independentemente das detraccións por erros (que se aplican ao conxunto do exame), en todas as preguntas que implican redacción, téñense en conta a corrección, adecuación e riqueza expresiva.

Non haberá este curso, polo tanto, cambios referentes aos contidos, que figuran no documento de orientacións.

O exame, como se pode ver no modelo, ten a seguinte estrutura:

Pregunta 1, comprensión e expresión escrita (sen optatividade interna) (3,5 puntos)

- a) Resumo ou esquema (1 punto)
- b) Comentario crítico (podería estar “dirixido” con preguntas sobre o texto) (2,5 puntos)

Pregunta 2, reflexión lingüística (2,5 puntos)

Catro apartados, para escoller dous (1,25 puntos cada un)

Pregunta 3, obra lida (2 puntos)

Dous apartados, para escoller un

Pregunta 4, historia da literatura (2 puntos)

Dous apartados, para escoller un.

O modelo de exame que propoñemos está baseado no que saíu na ABAU de xuño deste ano 2024. Podedes comprobar que os cambios son, sobre todo, estruturais; nos vindeiros cursos iremos incorporando máis cambios no camiño do deseño competencial que o decreto esixe e tamén no camiño dunha maior harmonización da proba entre os diferentes distritos.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

1. Como en anos anteriores, é vontade do grupo de traballo a de manternos en permanente contacto co profesorado da materia.
2. Non mantemos correspondencia coas alumnas ou alumnos. O alumnado debe dirixir as súas dúbidas ao profesorado dos centros nos que cursa 2º de bacharelato ou no que se matricula para as probas.

Vigo, outubro de 2024

Rosa Pérez

Directora do Grupo de traballo de Lingua castelá e literatura